



## EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES



ANXOS SUMAI

*Melodía de días usados*

Colección LITERARIA

EDITORIAL GALAXIA 2005, 384 páginas

P. V. P. 17'50 € IVE incluído

ISBN 84-8288-809-9



## A MÚSICA DA VIDA

**L**iteratura e vida danse a man en *Melodía de días usados*, o novo libro de Anxos Sumai. A escritora narra as súas vivencias cotiás nunha Compostela inzada de personaxes que semellan saídos da realidade inmediata, personaxes que xorden das húmidas pedras da cidade, esas que pouco a pouco quecen coa raiola da frescura e da autenticidade deste diario nado na internet e que agora Editorial Galaxia achega transformado, con roupa nova e música leda, ás lectoras e lectores galegos.

Narrar **a propia vida** coma se se tratase dunha novela, con personaxes e feitos que nacen do mundo cotiá para logo medraren co alimento da imaxinación, velaí o acerto de Anxos Sumai. O seu diario na internet arrequéntase nas páginas deste novo libro no que a escritora de Catoira toca unha melodía coñecida pero faino dunha maneira diferente. A música da vida convértese neste libro nun son que dá acougo e promete felicidade.

*Melodía de días usados* logra o que debería ser obxectivo da literatura, facer que lectores e lectoras se sintan entre amigos, coñezan os espazos dunha biografía persoal coma se fosen os propios, comparten alegrías, medos, emocións e ganas de vivir co personaxe que Anxos Sumai fai de si propia. **Un diario** que é case **unha novela** ou unha novela que é coma un diario, este libro está escrito coa convicción de quen cre nas cousas miúdas, de quen descobre coa ollada limpa unha realidade común á xente e que a literatura transforma, volve máis rica, distinta, e fai brillar coma se fose do trinque.

**A**NXOS SUMAI (Catoira, 1960) é documentalista, tradutora e escritora. Colaboradora de distintas publicacións nos anos oitenta e noventa, a súa actividade literaria desenvólvese na rede dende o ano 2001, no portal culturagalega.org, onde tivo as seccións "Anxos e diaños", con Roberto Ribao, e "Anxos de garda". Colaborou na segunda etapa da revista *Guía dos Libros Novos* coa sección "Hemisferio Oeste" (2003-2004). Entre os traballos de tradución destacan os *Diarios* de Syra Alonso (2000). Como narradora publicou *Anxos de garda* (2003). Obtivo o premio Novos Valores da Narrativa Galega en 1985 e o segundo premio no XI Concurso de Narracións Curtas Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro, en 1986. En 2004, foi Premio da Crítica Galicia. Actualmente traballa no Consello da Cultura Galega.

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Reconquista, 1. 36201Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.es